

Metéusenos a música no corpo

Ailén Kendelman e Areta Bolado

Ao inicio só temos o corpo. Témolo, despois, como fogar e como campo de batalla.

Entre líquido amniótico e prantos, aprendemos a cantar antes que a falar. Dende cativas escotamos alalás, cantos de traballo, responsolos e misas cantadas, mesmo entoamos a táboa de multiplicar rapeada. Cantamos para celebrar, para curar, para non esquecer. Nacemos e medramos rodeadas de sons e música e o teatro, como experiencia humana e festa colectiva, non pode existir lonxe da vida.

A música é un dos trazos definitorios de A Panadaría que, xunto co humor e o feminismo, completa a nosa Santísima Trindade. Escollemos, para as nosas montaxes, o formato musical, e nunha rebelión dende as marxes, espíñomolo de todo aderezo poñendo ás actrices no centro. En *Pan! Pan!* (nominatedo a Mellor Música Orixinal nos María Casares 2015), *Panamericana* e *Elisa e Marcela* non hai instrumentos nin diapasóns, hai unha aposta clara por revisitar este formato moi lonxe dunha producción de Broadway, a capela e usando as nosas voces e corpos como únicos instrumentos.


Esmigallando os procesos de composición

No noso traballo creativo non queremos que a música funcione como un fío musical para un espectáculo senón que apostamos por colocala ao mesmo nivel significativo que o texto ou a interpretación. A música, no caso de A Panadaría, sempre aparece para accionar, ben sexa para remarcar, dar outro prisma ou provocar cambios no que acontece na escena. O bo que ten estar nos inicios (tres espec-

táculos son o comezo, esperemos) é que aínda non temos nada escrito sobre como facer as cousas e en cada proceso imos atopando novos xeitos de facer. Nos procesos de composición musical acontece o mesmo.

No caso do noso primeiro espectáculo, *Pan! Pan!* a música vén marcada pola parodia dos filmes de vaqueiros, cuxas bandas sonoras están moi arraigadas nas ISO (identidades sonoras) culturais de gran parte da poboación adulta galega. En *Panamericana* establecemos un diálogo lúdico entre os ritmos latinoamericanos e os tradicionais no folclore galego. *Elisa e Marcela* é unha viaxe desenfadada que pasa polos inicios do século XX (ragtime, fado), bulerías, copla española e música actual. Os tres espectáculos caracterízanse por unha aposta pola esencia, por volver á música vocal e aos ritmos de raíz. Somos dunha terra onde as mulleres herdaron e gardaron na súa memoria, a través do tempo, gran parte da música do noso país. As composicións orixinais de Ailén Kendelman, tentan sempre volver ás orixes e ao corpo, procurando ritmos tradicionais de diferentes continentes e empregando a sonoridade das palmas, chiscar de dedos ou a expresión vocal.

O proceso de creación das bandas sonoras é simultáneo e inseparable do proceso de creación do espectáculo. Deste xeito, imos visionando e revisionando as escenas que imos propoñendo nos ensaios e identificando intres nos que consideramos que pode acaerlle ben un momento musical ou ben, doutro xeito, partimos da música como motor principal dunha escena. Ás veces unha idea musical

*Pan! Pan!*

ten tanta forza para nós e ten tanto interese de seu que o que facemos é buscar en que lugar do espectáculo cumpre mellor a súa función. Ailén, no seu traballo de compositora e directora musical, busca tamén o equilibrio nos ambientes sonoros. As nosas escenografías, sempre mínimas, conviven con espazos imaxinarios que construímos, xunto coa complicitade do público, a través dos sons, é dicir, unha porta, un revólver ou o mar constrúense como imaxe mental inmediata cando emitimos o seu son.

Como compositora da compañía, Ailén, precisa intres de traballo en solitario, na casa e diante do teclado, nos que probar estruturas harmónicas e diferentes melodías, escoitar música que a estimule ou enchoupe dun estilo e improvisar coa voz ata que vai aparecendo material que pensa que pode encaixar coa idea que estamos a traballar. Inmediatamente fai unha gravación de audio e envíalla a Areta e Noelia. Ao recibiren o bosquexo intercambiamos opinións entre as que están más distanciadas e Ailén, que fai a proposta. Pouco a pouco, entre ensaios, a idea vaise pechando. Noutros casos, porén, facemos improvisacións con xuntas de melodías ou letras e gravamos todo para que despois ela seleccione o material que nos interesa ou ideas das que turrar áinda máis. En calquera caso, e ánda que o traballo é colectivo, a composición require moitas veces, para Ailén, de silencio

e soildade para que o que amasa na cabeza levede con xeito.

Dentro deste traballo compositivo da música tamén prestamos grande atención ao contido das letras e aos mecanismos cómicos. Utilizamos moitos e variados recursos para provocar a gargallada do público que pasan polo xogo cos timbres e resoadores vocais, a apostila pola ironía, a parodia, a retranca ou a esaxeración, a presenza do erro ou o fracaso, a creación de gags por repetición (regra do tres ou repetición dun mesmo chiste), os choques entre estilo musical e contido, a formulación dedobres sentidos e xogos de palabras ou a ruptura de tópicos e expectativas. Tamén existen nas súas bandas sonoras pezas más íntimas e poéticas, como o bolero de *Panamericana*, ou reivindicativas como «Purpurina de amor» de *Elisa e Marcela*.

As composicións instrumentais e partituras rítmicas corporais conviven cos temas con letra nos que esta pode chegar antes ou despois da música ou mesmo ser escrita en paralelo á parte instrumental. Nalgúns casos Ailén presenta a peza completa, noutrous partimos dunha letra de Areta ou tamén xorden de improvisacións das tres. En todos os casos temos moi presente, igual que en toda a nosa produción escénica, unha frase da escritora Brigitte Vasallo, «hai unha diferenza clara entre a sátira e o humor opresivo, a sátira para ser ten que apuntar cara arriba ou apuntar cara adentro, o que apunta



Ailén Kendelman en *Elisa e Marcela*. Foto: Rosinha Rojo.

cara abaxo é humor opresivo». Ela mesma aclara que se facemos burla da negra, da trans ou da violada, se os nosos chistes asedian aos grupos minorizados só perpetuamos os nosos privilexios. En A Panadaría buscamos outro xeito de facer comedia, dende o feminismo, e de reapropiarnos de espazos como o humor ou a música que moitas veces as mulleres non puidemos ou non nos deixan habitar. Se continuamos falando de música, podemos dicir que no Estado Español só un 6% das composicións musicais para teatro son obra de mulleres. Hai poucas cousas más universais que a música e poucas más transgresoras que o humor e aí é onde en A

Panadaría atopamos o noso camiño na creación escénica.

Hoxe, aquí, dedicámoslle un apartado especial á música dentro do noso traballo, unha disciplina que nos estimula e na que nos poñemos retos de cada vez. Con cada montaxe afondamos en novas dificultades técnicas como o canto a voces ou a execución de partituras rítmicas complexas e, tendo en conta que dúas de nós non son músicas, supón toda unha aprendizaxe. Nestes camiños de procura creativa, de baleirar o escenario e limpar o noso teatro de aderezos, sempre quedamos as tres. Ao inicio e ao final só temos o corpo. E a música.